

## Emma Ríos



Maneiro é unha debuxante de historietas e ilustradora galega, nada en 1976 en Vilagarcía de Arousa. Actualmente traballa para o mercado estadounidense, mostrando unha destacada influencia do manga. Hai que resaltar que Emma Ríos foi a primeira artista galega e española en traballar para Marvel.

Emma Ríos viviu en Ourense, onde dende moi pequena empezou a ler contos, como *La Patrulla X* de Chris Claremont, *Novos Mutantes* de Sienkiewicz e sobre todo *Akira* de Katsuhiro Tomo, que foi a que decantou a súa vocación. Descartou, non obstante, o uso de grises, tramas e augadas propios do manga nos seus primeiros fanzines de fotocopias, ao valorar máis o rematado de tinta de autores como John Buscema, Harvey Kurtzman ou Jack Kirby.

Na Universidade da Coruña licenciouse en Arquitectura, o cal lle proporcionaría un gran coñecemento do espazo, evidente nas súas perspectivas e cambios do punto de vista. Compaxinaba tales estudos coas súas primeiras aventuras amorosas no mundo do cómic, onde debutara en 1988 con varias colaboracións en fanzines locais como *El bolxevique vespertino*, *Esto é a guerra*, *Mensaxes nunha botella* ou *Comikaze*.



Sen deixar o seu traballo como arquitecta, Emma Ríos uniuse ao colectivo de debuxantes Polaqia, a través do cal continuou a súa serie *A Proba de Balas* (2003) e na que Pablo Pérez colaborou cos guións. En 2005 tamén realizou ilustracións para unha campaña de publicidade de Ron Cacique.

Foi convidada ao salón de Andenne en 2005 e 2006 e ao de Angulema en 2006 polo posto do fanzine "L'inédit".

Tras varias historietas curtas para publicacións de difusión nacional como "Dúas veces breve" (2006) e *Los Reyes Elfos: Historia de Faerie* foi galardoada co premio a Autor Revelación en Expocómic2008. Ese mesmo ano, colaborou no proxecto de restauración do viaduto de San Pedro de Mezonzo (A Coruña), pintando a María Pita nunha das súas columnas. Tamén obtivo a bolsa Lingua Comica de la Fundación Asef, que lle permitiu rematar un cómic en Xapón.

Despois de ser salientada por Warren Ellis na súa páxina web, recibiu unha oferta de Matt Gagnon, editor de "Boom! Studios", para realizar unha miniserie de 4 números. Deixou entón o estudo de arquitectura en que traballaba para envorcarse no cómic, e produciu *Hexed*(2008) con Michael Alan Nelson ao guión e Cris Peter á cor. Para entón, xa era unha das estrelas do salón do cómic *Viñetas desde o Atlántico*.

Nas Xornadas de Avilesino coñeceu a CB Cebulski quen lle puxo en contacto con Nick Lowe, editor de Marvel Comics, ofrecéndolle este realizar un fill-in para *Runaways*, ao que seguiría unha miniserie do *Doutor Estraño*, escrita por Mark Waid. A súa arte tamén apareceu en títulos



como *Runaways*, *Amazing Spider-Man*, e *Girl Comics*. Tamén participou na miniserie de *Osborn*, escrito por Kelly Sue DeConnick, ademais de traballar nun novo libro con DeConnick, *Pretty Deadly*, que saíu a luz en outubro do 2013, un western de creación propia para Image protagonizado por unha asasina, e no que pretende retomar o ton dos westerns de Sergio Leone. Tamén realizou, con guion de Ricardo Gómez, unha adaptación de *Amadís de Gaula* para o GrupoSM.

